

Estimadas familias:

Desde o Equipo de Voz Natura do centro queremos informarvos que este curso continuaremos traballando en intentar erradicar os plásticos de todos os ecosistemas, máis aínda tendo en conta que dada a situación que vivimos estamos a xerar máis residuos a través do uso das máscaras e dos xeles hidroalcohólicos.

Continuamos o proxecto de recollida de tapóns solidarios iniciado o pasado curso. Para isto, pedimos a vosa colaboración na recollida de tapóns, que se traerán ao centro no que temos habilitado un lugar para depositalos. Así á vez que reciclamos plástico colaboramos con fins solidarios.

A gran variedade de envases utilizados na vida cotiá provoca dúbidas á hora de reciclalos. Responder correctamente é importante, xa que se os envases non se depositan no seu colector falla o proceso de reciclaxe. Para tratar de evitar estes erros intentaremos aclarar as principais dúbidas.

Cada trimestre do curso trataremos un tipo de residuos que debemos depositar en cada colector.

Este primeiro trimestre trataremos os residuos que depositaremos no colector amarelo.

Todos sabemos que o colector amarelo é o colector dos plásticos, pero non tódolos plásticos se poden reciclar. En realidade é o colector dos envases de plástico. Isto xa nos da unha pista sobre qué debemos e non debemos depositar. Todo o que non sexa envase, aínda que esté feito de plástico, non debe ir neste colector.

## Residuos que SÍ van no colector amarelo:

- Botellas de plástico.
- Briks: de leite, zume, sopas, etc
- Latas.
- Tapas e tapóns de plástico.
- Bandexas de aluminio.
- Bandexas de corcho branco.
- Tubos de pasta de dentes.
- Botes de desodorizante.
- Bolsas de plástico.
- Tarrinas e tapas de iogurt.
- Corchos de botellas: Só se deben introducir aqueles que son sintéticos. Os corchos de orixe natural deben ir no colector de orgánicos.
- Latas e tapas de recipientes: As latas e as tapas non son de plástico, pero deben depositarse no colector amarelo.

- Envases de metal: Como caixas metálicas ( de galletas) e botes metálicos (leite condensada,...).
- Film transparente e papel aluminio.

## Residuos que NON van no colector amarelo:

- Cueiros e produtos de hixiene feminina.
- Cepillos de dentes.
- Xoguetes: Sempre é preferible reutilizar estes obxectos antes de tirarlos ao lixo. Podemos ser solidarios con coñecidos ou doalos a algunha ONG que poderán conseguirilles un novo destino. Se aínda así te queres desfacer deles, deposítaos no colector de restos.
- Cápsulas de café.
- Papel plastificado de carnicería o pescadería: Por ser papeis especiais tratados con cera e poder conter restos orgánicos.
- Menaxe do fogar: Como espátulas o pinzas de plástico. Deben levarse ao punto limpo .
- Tupperwares.
- Moldes de silicona para cocinar.
- Termos.
- Macetas de plástico.
- Caixas de CD's y DVD's, carcadas de vídeos de VHS e cintas de casete.
- Monedeiros e carteiras.

- Bolígrafos
- Afialapis
- Chisqueiros
- Envases de medicamentos ( Deben llevarse ao colector co que contan as farmacias para restos de medicamentos ou medicamentos caducados)

SI NO QUIERES QUE EL SISTEMA DE RECICLADO SE PARE

# ¡SEPARA!

DEPOSITAR EN EL **CONTENEDOR AMARILLO**

**ENVASES DE PLÁSTICO**



**RECUERDA:** Botellas de agua, refrescos, leche, etc. Envases de productos de limpieza. Geles de baño, colonia y champú. Tarrinas de mantequilla y envases de yogurt. Bandejas de corcho blanco. Envoltorios de plástico (de magdalenas, galletas, etc.). Bolsas de patatas fritas, aperitivos, golosinas. Bolsas de plástico de comercio.

**ENVASES METÁLICOS**



**RECUERDA:** Latas de conservas (tomate, atún, sardinas, mejillones, etc.). Botes de bebidas. Bandejas de aluminio. Aerosoles. Tapones metálicos de botellas, de frascos, etc.

**ENVASES TIPO BRIK**



**RECUERDA:** Envases tipo brik de zumos, leche, vino, batidos, caldos, gazpacho...

**SI TE EQUIVOCAS DE CONTENEDOR, ECHAS A PERDER EL ESFUERZO DE TODOS**

**NO**

DEPOSITAR EN EL **CONTENEDOR AMARILLO**

**ENVASES DE CARTÓN, PAPEL Y ENVASES DE VIDRIO**



Envases y cajas de cartón    Libros y periódicos    Vidrio

**OBJETOS QUE NO SON ENVASES**



Calzado y ropa    Juguetes    Desechos orgánicos    Pequeños electrodomésticos    Pañales    Vajilla    Cubes    Cd's y VHS    Aceite usado doméstico    Perchas

**SUGERENCIA**



Si la bolsa pesa más de la cuenta...



...revisa su contenido con atención.

MÁS INFORMACIÓN EN EL BUSCADOR DE ENVASES DE [www.ecoembes.com](http://www.ecoembes.com)

